

12

**A brigada
invisible.
Kellys, criadas
e internas
saen a escena**

**Seminario
permanente
de Comunicación
e Xénero**

04-05/11/25

**Facultade de Ciencias
da Comunicación**



**12
XÉNERO**

12

12

“Somos a brigada invisible”, di unha camareira de piso en *Organizar lo (im) posible* (Gomila & Matamalas, 2017). O corpo e a vida das traballadoras fica oculto tralas habitacións de hotel limpas, as casas de luxo en orde ou as porterías diminutas; non sucede a cotío atopar no cinema documental a realidade destas mulleres, das que a metade habitan fogares baixo o limiar da pobreza en España. Este sector, principalmente feminizado e migrante, supón case o 4% dos empregos do Estado, superior ao sector da construción ou ao das finanzas. Porén, os seus dereitos non están equiparados co resto de traballadores e tampouco a súa visibilidade fílmica alén dos tópicos da mucama zoupona ou a amorosa coidadora que renuncia a todo polos demais.

O Comxénero 12 propón traballar sobre outras perspectivas deste traballo case exclusivamente feminizado, movéndonos entre o documental, o experimental, o militante e o híbrido.

O programa deste 12 CO(M)XÉNERO aborda, por tanto, unha máis das múltiples violencias que as mulleres sofren ao seren asociadas ao traballo mal remunerado dos coidados e que convén analizar desde as súas representacións e ocultamentos.

Martes 4 de novembro

- 16:30 A creación colectiva:
o proceso de creación
de *Hotel Explotación:
Las Kellys*
(Cisquella, 2018)
Vania Arana
e **Georgina Cisquella**
- 18:00 Narrativas de traballo,
narrativas de mulleres
Georgina Cisquella

Mércores 5 de novembro

- 16:00 Proxección
*Tao Pequenas,
Tinhm o Ar de Serem
Já Crescidas*
(Dinis, 2024)
- 16:30 Entre arquivos, memorías,
corpos e siléncios.
Tânia Dinis
- 18:00 *As que limpan*
da Panadaria.
Procesos de traballo
A Panadaria




←
**Inscripción de balde
até completar aforo**

A participación no seminario será recoñecida como actividade formativa para o estudiantado do Programa de Doutoramento en Comunicación e Información Contemporánea.

Organiza



Financia



Colaboran

